

A LITERATURA GALEGA NOS SÉCULOS ESCUROS

Os Séculos Escuros abranguen os séculos XVI, XVII e XVIII. Chamámoslle Séculos Escuros porque do esplendor que a lingua e literatura galega gozara durante a Idade Media, pasouse a unha etapa na que a nosa lingua e literatura caeron en decadencia, con escaseza de textos literarios e quedando a lingua, relegada á oralidade e a contextos coloquiais.

Podemos dicir que hai dous tipos de literatura : oral popular e culta.

1. LITERATURA ORAL POPULAR.

A maioría dos textos da literatura galega dos séculos XV ata o XVIII son orais, populares e anónimos. Atribúeselle a creación e difusión ás mulleres. Moitos tenderon a desaparecer menos algúns recompilados polo Padre Sarmiento e o Padre Sobreira (S. XVIII) e xa no s. XIX por varios eruditos. Os xéneros predominantes son : a cantiga, a canción e a narración curta ou conto.

A. Caracterización :

- É unha literatura de transmisión oral.
- Presenta grande variedade na forma.
- É anónima.
- Ten a funcionalidade de divertir, ensinar, ridiculizar
- Adoita ter unha melodía.

B. Clasificación :

- **O cancionero popular:** composto por alalás, aninovos, desafíos...Utilizan un léxico corrente e unha sintaxe sinxela. As estrofas son breves e están cheas de recursos. Van acompañadas de música e poden ser bailadas.
- **A narrativa oral :** contos, lendas, refráns e adiviñas.

2. A LITERATURA CULTA.

Apenas existen mostras literarias cultas escritas en galego entre os séculos XV e XVII. As clases elevadas só escribían en galego en contadas ocasións, en contextos privados ou cunha función de contraste, como unha rareza da escrita en castelán.

Este silencio literario non se traduciu nun desenvolvemento da literatura feita en castelán en Galicia, posto que non chamados Séculos de Ouro da literatura española non hai ningún autor de orixe galega que escribise en castelán.

As escasas e pobres manifestacións literarias cultas en galego dos Séculos Escuros que chegaron a nós redúcense ás seguintes:

I. Poesía

- **Poesía de circunstancias:**

- O “Pranto da Frouseira”, poema anónimo de corte popular, de finais do século XV. Fala da execución do mariscal Pardo de Cela, nobre galego que defendeu a Xoana a Beltranexa fronte a Isabel a Católica e, por este motivo, foi decapitado xunto co seu fillo en Mondoñedo.
- “Coplas no saqueo de Cangas polos turcos” de 1617.

- **Varios sonetos de corte renacentista e barroco:**

- O soneto de Monterrei, anónimo, datado arredor do 1530
- O soneto escrito en 1578, en honra do escritor Alonso de Ercilla, pola condesa de Altamira.
- Dous sonetos recollidos no libro das exequias á raíña Margarida:
 - “soneto con falda” de Xoán Gómez Tonel.
 - “Respice finem” de Pedro Vázquez de Neira.

- **As Décimas ao Apóstolo Santiago.** Escritas en 1617 polo abade Martín Torrado para criticar o intento de nomear a Teresa de Xesús co-patroa de España.

- **As composicións das Festas Minervais.** Trátase de 9 romances de estilo barroco e idéntico tema, presentados ao concurso universitario das Festas Minervais da Universidade Compostelá en 1697 e recollidos nun libro xunto con outras composicións en latín e español. Nestes romances podemos ler versos que son reveladores do estado de prostración da lingua e da dificultade da escrita en galego.

- **Os “ vilancicos “ cultos de Nadal:** compostos e interpretados por músicos de capela tanto en Galicia (Mondoñedo, Tui...) como en boa parte da Península Ibérica. Escritos nunha mestura de galego e castelán ou de galego e portugués, segundo os casos, presentan unha galeguización da escena do Nadal, baseándose en certos paralelismos léxicos máis ou menos “forzados” e identificando a pobreza en que naceu Xesús coa pobreza en que vivían os labregos galegos.

II. Teatro

Consérvase na Biblioteca Nacional de Madrid o manuscrito dunha breve peza teatral coñecida como *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* ou *Contenda dos labradores de Caldelas*. O seu autor foi Gabriel Feixó de Araúxo. A obra aborda os conflitos entre pescadores galegos e portugueses no río Miño, concluindo coa súa reconciliación.

III. Prosa

De comezos do XVI é a “Relazón da carta xecutoria e copia de os que venderon a Frouseira”, na que se narra a traición e morte do mariscal Pardo de Cela por orde dos Reis Católicos en 1483.

Consérvanse tamén algunhas cartas en galego de ou para o conde de Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña, que foi embaixador en Inglaterra.